

FELIZ DÍA MUNDIAL DO TEATRO!!!



27 de marzo

O Día Mundial do Teatro 2022 celebrouse o domingo 27 de marzo. Este ano a mensaxe oficial corre a cargo do director de ópera e teatro Peter Sellars, de Estados Unidos.

A celebración do Día Mundial do Teatro, impulsado polo Instituto Internacional do Teatro (ITI), cumpre este ano o seu 60 Aniversario. Nestas décadas, vén celebrando ininterrompidamente cada 27 de Marzo por toda comunidade teatral internacional.

Un dos actos máis importantes da celebración é a circulación de Mensaxe do Día Mundial do Teatro, onde figuras de renome internacional son convidadas polo ITI para compartir os seus pensamentos sobre o teatro e a cultura de paz. A primeira mensaxe do Día mundial do Teatro foi escrito por Jean Cocteau en 1962.

Mensaxe do Día Mundial do Teatro 2022

Por Peter Sellars, director estadounidense de ópera, teatro e festivais:

Queridos amigos

Mentres o mundo vive pendente, cada minuto e cada hora, dun constante goteo de noticias, gustaríame lanzar unha invitación para que nós, como creadores, penetrémonos no noso ámbito e a nosa esfera e na perspectiva dun tempo que se albisca épico, con cambios e conciencia épica, cunha reflexión e unha visión épicas. Vivimos un período épico na historia da humanidade, e as consecuencias e profundos cambios que estamos a experimentar nas relacións entre os seres humanos e con outras esferas non humanas están ao límite da nosa capacidade de comprender, de articular, falar ou de expresarnos.

Non estamos a vivir nun tempo de noticias durante as 24 horas, senón que estamos a vivir no fío do tempo. Os xornais e os medios de comunicación atópanse completamente desbordados e incapaces de facer fronte ao que estamos a vivir.

Onde está a linguaxe, cales son os movementos e cales as imaxes que poderían permitirnos comprender os profundos cambios e rupturas que estamos a experimentar? E como podemos transmitir o contido das nosas vidas actualmente non como unha reportaxe senón como unha experiencia?

O teatro é a arte da experiencia.

Nun mundo atafegado polas campañas de prensa masivas, experiencias simuladas, prognósticos terribles, como saír da interminable repetición de números para experimentar a santidad e infinidade dunha soa vida, un só ecosistema, unha amizade, ou a calidade que nos achega a luz dun ceo inusualmente estraño? Dous anos de pandemia minguaron os sentidos da xente, estreitado as súas vidas, roto conexións e colocáronnos nunha zona cero da morada humana.

Que sementes debemos plantar unha e outra vez nestes anos, e cales son as especies invasoras e de crecemento descontrolado que deben ser totalmente erradicadas? Moita xente atópase ao límite. Tanta violencia está a florecer, irracional ou inesperadamente. Tantos sistemas establecidos reveláronse como estruturas de continua crueldade.

Onde están as nosas cerimoniais de recordo? Que necesitamos lembrar? Cales son os rituais que nos permiten finalmente re-imaxinar e comezar a ensaiar pasos que nunca antes deramos?

O teatro da visión épica, o propósito, a recuperación, a reparación e o coidado necesita novos rituais. Non necesitamos que nos entreteñan. Necesitamos reunirnos e compartir o espazo, e necesitamos cultivar ese espazo compartido. Necesitamos espazos protexidos de escoita profunda e igualdade.

O teatro é a creación na terra dun espazo de igualdade entre humanos, deuses, plantas, animais, pingas de choiva, bágoas e rexeneración. Ese espazo de igualdade e de escoita profunda está iluminado por unha beleza oculta, que se mantén viva nunha profunda interacción entre perigo, ecuanimidade, sabedoría, acción e paciencia.

No Sutra do Ornamento Floral, Buda enumera dez tipos de gran paciencia na vida humana. Un dos máis poderosos chámase Paciencia para Percibir Todo como Espellismos. O teatro sempre presentou a vida deste mundo como un se dun espellismo tratáse, permitíndonos ver a través da ilusión e desilusión humana, a cegueira e a negación, con claridade e forza liberadoras.

Estamos tan seguros do que miramos e da forma en que o miramos que somos incapaces de ver e sentir realidades alternativas, novas posibilidades, diferentes enfoques, relacións invisibles e conexións atemporais.

Este é un tempo para unha profunda reconsideración das nosas mentes, dos nosos sentidos, da nosa imaxinación, das nosas historias e do noso futuro. Este traballo non pode ser realizado por persoas illadas traballando soas. Este é un traballo que necesitamos facer xuntos. O teatro é a invitación para facer este traballo xuntos.

Moitas grazas de corazón polo voso traballo.

Aquí tedes tamén un Manifesto en vídeo polo día Mundial do Teatro:

“Porque el Teatro no tiene Fronteras” Manifesto do día Mundial do teatro 2022.

<https://youtu.be/s7D-Y2OgquQ>